




# FERVENZAS DO CANÓN DO MIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 75 km (Chantada-O Saviñao)  
10 km a pé

**Dificultade:** media

**Duración:** 8 horas

Un ruta que percorre ambas marxes do Canón do Miño entre as presas de Belesar e Os Peares, nos concellos de Chantada, Carballedo, Pantón e O Saviñao. Podemos coñecer varias fervezas e gozar das espectaculares paisaxes dos diferentes recunchos do Canón do Miño. As mellores épocas son a primavera, pola abundancia de auga, ou o outono, pola riqueza das cores.



Canón do Miño




## 1-Canón do Asma

San Fiz de Asma (Chantada)

O río Asma forma, na caída ao Miño, un val encaixado entre penedos graníticos polos que cae formando varios saltos.

**COMO CHEGAR:**

Desde Tarrío, na estrada de Chantada a Monforte, hai un desvío á dereita (no arranque da ruta) que permite chegar ao río. Para ver as fervezas séguese río arriba por entre as pedras con moita dificultade. No inverno pódese ver desde un penedo que sobresaia á beira da estrada.




## 2-Rego de Camporramiro

Belesar (Chantada)

O Rego de Camporramiro xúntase ao Miño ao pé de Belesar e no último tramo forma varios rápidos e fervezas.

COMO CHEGAR:

Desde Belesar pola beira do Miño.



Rego de Camporramiro

## 3-Fondós

Erbedeiro (Carballedo)

O río Fondós ou Graullo, preto de Erbedeiro antes de se unir ao Miño, forma unha gorxa nos neis con varios rápidos e fervezas. Nos arredores hai especies de ribeira e sobreiras. Na marxe esquerda está o Penedo de Graullo, de máis de 100 m de altura.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Chantada a Os Peares, despois de pasar Erbedeiro. Tamén se pode acceder desde A Barrela (Carballedo) pola estrada que baixa ao Canón do Miño.



Fondós




## 4-Bubal

Na parroquia de Oleiros (concello de Carballedo).

É unha pequena ferveza entre rochas graníticas rodeada de bosques de ribeira.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Os Peares á Barrela a uns 2 km cóllese un desvío por unha pista de terra á esquerda que indica Carcacía. Remata nunha canteira abandonada e desde alí crúzase o río para acceder á ferveza.



Bubal



## 5-Auga Caída

En Marce, parroquia de Vilar de Ortelle (concello de Pantón).

O rego de Marce ou da Aguianza desemboca no Miño formando un profundo canón no último tramo entre granitos e neis. A ferverza de Auga Caída salva un desnivel duns 30 m e máis adiante o río forma varias ferverzas de menos altura e rápidos rodeados dun bosque autóctono ben conservado e de difícil acceso pola pendente pronunciada do canón.

COMO CHEGAR:

Accédese desde a estrada de Ourense a Monforte no cruce que indica Guitara e despois en dirección a Marce. Antes de chegar a este lugar hai un pequeno cartel á esquerda que indica a ferverza de Auga Caída. Báixase por un sendeiro de aproximadamente 2 km que na última parte é de moita dificultade.



Auga Caída



## 6-Río Pesqueiras

Na caída ao Miño preto de presa de Belesar. O Saviñao.

O río cae nun forte desnivel debaixo da aldea de Pesqueiras.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Monforte a Chantada cóllese o desvío a Pesqueiras e á presa de Belesar. Pódese atopar a ferverza seguindo o curso do río polos camiños que baixan desde a aldea por entre as viñas. Tamén se pode ver, no inverno, desde a outra banda do río Miño, cruzando a presa.



Pesqueiras